

LEOPOLDO NÓVOA, PONTEVEDRA E O MUSEO

Hai uns días, o pasado 23 de febreiro, faleceu en París Leopoldo Nóvoa, sen dúbida o artista galego de maior proxección da súa xeración. Fillo dun diplomático uruguaio de ascendencia galega, nacera en Pontevedra, nunha casa que andando o tempo acollería ao afamado Sanatorio Marescot, o 17 de decembro de 1919. En 1937 trasladouse a Montevideo, vivindo desde entón e ata 1965 entre Uruguai e Arxentina. No último ano citado instalouse en París, cidade que visitara por primeira vez en 1961. Desde entón, a capital francesa foi o seu lugar de residencia habitual, pasando longas tempadas tamén, no entanto, nas terras nas que transcorreran a súa infancia e a súa adolescencia, unhas visitas que se fixeron máis frecuentes e longas desde que, nos anos oitenta da pasada centuria, construíu, a partir dunha humilde vivenda rural, unha casa-taller, con espléndidas vistas sobre o Val do Salnés e o mar de Arousa, nas proximidades do mosteiro de Armenteira (Meis). Celestino García Braña, un dos seus mellores amigos, foi quen soubo materializar arquitectonicamente os seus desexos.



Expuxo por primeira vez en Pontevedra, na Galería Lola Durán, en 1985. Era xa entón un artista consagrado. Volverá á cidade para o mesmo dez anos máis tarde, acollendo entón unha mostra monográfica da súa produción recente en pequeno formato a Sala de Arte promovida pola Obra Social de Cajamadrid no Palacete das Mendoza. Un ano despois, a Bienal de Arte de Pontevedra, organizada pola Deputación Provincial, réndelle homenaxe. Presenta nesa ocasión unha exposición monográfica titulada, significativamente, *Reencontro. Ausencias e cinzas*. Supoñerá a súa definitiva consolidación entre nós: exposicións de carácter e significación moi dispar (recordemos, moi en particular, a antolóxica programada en 1997, en Santiago, polo Centro Galego de Arte Contemporánea, trasladada despois a Montevideo), publicacións,


intervencións en espazos públicos (co preludio, en 1989, do seu portentoso traballo na Canteira de Santa Margarita, na Coruña), premios e recoñecementos diversos (o último o Premio Provincial de Cultura, concedido no mes de novembro de 2011 pola Deputación de Pontevedra) convertérono, finalmente, nunha figura emblemática, nun referente, respectado como persoa e venerado como creador artístico.

O Museo de Pontevedra, que en 1996 programou a exposición que puido contemplarse no marco da Bienal dese ano e que en 2005 acolleu a solemne sesión do seu ingreso como Membro de Honor na Real Academia Galega de Belas Artes, posúe cinco obras (seis, en realidade, como se dirá) da autoría de Leopoldo Nóvoa. Poucas en número, sen dúbida, se se comparan coas que posúen outras institucións, ofrecen en contrapartida, xunto á súa extraordinaria calidade, o interese de documentar á perfección os seus distintos períodos creativos.

A máis antiga, datada en 1952, é un óleo sobre lenzo (82 x 162 cm) que ofrece a singularidade de estar pintado polas dúas caras. *Vendedor ambulante en Bos Aires* e *Paisaxe mariñeiro* son as escenas que nelas se representan. Son un magnífico testemuño dos inicios do seu quefacer artístico, marcado polos recordos de Galicia nos temas e o impacto das formulacións de Torres García e Seoane, os seus amigos e mentores nas terras bañadas polo Río da Prata.



A segunda obra, lonxe xa da figuración inicial, está datada en 1970. Titúlase *Rouge à relief oblique dominant* (técnica mixta sobre tea, 100 x 81 cm). É un traballo monocromo, de cor vermella intensa, no que pon de manifesto a súa vontade transgresora, o seu interese por ir máis aló dos límites do cadro, a súa ruptura coa planitude/bidimensionalidade que historicamente significa a tales traballos. Vén ser, en realidade, un baixorrelevo no que as sinuosidades da superficie, sutilmente marcadas, vense reforzadas no seu impacto visual pola uniformidade cromática.



Forma rota con trazo leve (técnica mixta sobre tea, 114 x 162 cm), realizada en 1995, foi a primeira obra de Leopoldo Nóvoa que posuíu o Museo de Pontevedra. É moi representativa do que por eses anos era a súa produción, significada polo emprego de materiais non convencionais na súa materialización (a area e as pequenas pedras, por exemplo, adquiren neste traballo un singular protagonismo) e, como consecuencia diso, pola ruptura coa lisura da superficie.



Deixo para o final as dúas últimas obras de Leopoldo Nóvoa que se incorporaron ás coleccións do Museo. Fixérono a finais do ano 2010 e foron froito dunha xenerosa doazón do

artista e da súa esposa, Susana Carlson. Son dous traballos de gran formato: *Negros con relevos e mecate oblicuo*, producido en 1974 (técnica mixta sobre tea, 162 x 300 cm), e *Gran negro vertical con relevos e mecates*, executado en 2001 (tamén técnica mixta sobre tea, 260 x 195 cm). Separadas por case trinta anos, estas obras excepcionais infórmanos sobre a importancia que o negro ten no quefacer creativo do artista, unha cor, difícil de dominar polas especiais circunstancias que nel concorren (o negro é, en realidade, unha negación, unha non cor), que no caso de Nóvoa adquire unha singular presenza a partir de 1979, ano no que un incendio reduciu a cinzas o seu estudio parisino, destruíndo ao redor de dúas mil obras da súa autoría e da doutros artistas.



As obras de Leopoldo Nóvoa que posúe o Museo de Pontevedra poderán ser contempladas nos próximos meses nas salas da terceira planta do seu Sexto Edificio.

XOSÉ CARLOS VALLE PÉREZ

Director do Museo de Pontevedra

